I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE FACENDA

ORDE do 17 de marzo de 2014 pola que se regula a xestión e a presentación e o pagamento electrónico da taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, o xogo realizado a través de máquinas vén regulado pola Lei 14/1985, do 23 de outubro, do xogo de Galicia, aprobada polo Parlamento de Galicia, en virtude das competencias establecidas no artigo 27.27 do Estatuto de autonomía de Galicia, e está incluído no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 116/1986, do 4 de xuño. En exercicio da potestade regulamentaria prevista no artigo 22.c) da Lei 14/1985, a Xunta, por Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, aprobou o Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia.

A organización, celebración ou realización do xogo a través de máquinas de xogo vén gravada pola taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo, tributo estatal creado polo Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas.

Polo que respecta á taxa fiscal cómpre sinalar que é un tributo estatal, cuxo rendemento está cedido ás comunidades autónomas desde a Lei 30/1983, do 28 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas. Actualmente a norma que rexe a cesión dos tributos estatais ás comunidades autónomas é a Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias. En virtude das competencias normativas recoñecidas nesta lei, a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou mediante o Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado (TRTC), modificado posteriormente polas leis 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia e 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, e recentemente pola Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014. Así, en relación á taxa fiscal sobre o xogo realizado mediante máquinas de xogo, as normas legais aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia veñen recollidas no Real decreto lei 16/1977, do 25

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas (respecto ao feito impoñible e ao suxeito pasivo) e no TRTC, no que se regulan o resto dos elementos esenciais do tributo e máis os aspectos de liquidación e pagamento da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar. O artigo 31 establece que a consellaría competente en materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e/ou autoliquidacións do tributo se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, de ser o caso, se aproben e que, así mesmo, poderá dispoñer a obrigatoriedade da súa presentación e o pagamento mediante medios electrónicos.

A Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, modifica o sistema tributario da taxa fiscal sobre xogo realizado a través de máquinas de xogo que pasa a ter unha devindicación trimestral, fronte á devindicación anual que existía ata agora.

Esta modificación normativa fai necesaria a promulgación dunha nova orde que recolla a normativa xa existente ata o de agora, máis os cambios que se producen pola nova tributación da taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo.

A presente orde, está estruturada en dous títulos, sete disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derrogatoria, unha disposición derradeira e sete anexos. O primeiro título, denominado disposicións xerais, establece as disposicións xerais de aplicación e contén catro artigos. O título II, denominado obrigas tributarias, divídese en catro capítulos: o capítulo I, composto por un artigo, regula as disposicións comúns; o capítulo II, composto por dous artigos, regula a declaración informativa de máquinas de xogo; o capítulo III, composto por tres artigos, regula a autoliquidación trimestral de máquinas en explotación, o seu pagamento e a súa presentación ante a ATRIGA e o capítulo IV, composto por dous artigos regula os xustificantes de pagamento e presentación de declaracións e autoliquidacións.

En virtude do exposto, de acordo co establecido no artigo 38.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e en virtude das competencias normativas que o artigo 50 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, outorga sobre os aspectos de aplicación dos tributos sobre o xogo, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 17/2010, do 16 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da dita cesión, e consonte as habilitacións establecidas no artigo 31 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado por Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, e de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia

DISPOÑO:

TÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

A presente orde ten por obxecto a regulación do cumprimento das obrigas tributarias concernentes á taxa fiscal que grava a autorización, celebración ou organización de xogos de sorte, envite ou azar realizados mediante máquinas de xogo, cuxo rendemento corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia e aplicarase a todos os obrigados tributarios da taxa fiscal citada nas súas relacións coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

Artigo 2. *Obriga de declaración, presentación e pagamento electrónicos*

Os suxeitos pasivos deberán cumprir as obrigas tributarias concernentes á taxa que grava a autorización, celebración ou organización de xogos de sorte, envite ou azar realizados mediante máquinas de xogo a que se refire esta orde, por medios electrónicos. Para isto, deberán empregar as aplicacións informáticas que a ATRIGA poña á súa disposición na Oficina Virtual Tributaria (OVT), nas condicións e consonte os procedementos previstos nesta orde.

Artigo 3. *Usuarios autorizados*

1. Para os efectos do disposto no artigo anterior, as aplicacións informáticas deste tributo poderán ser empregadas polos usuarios que se relacionan a seguir, sempre que sexan previamente autorizados pola dirección da ATRIGA:

a) Os suxeitos pasivos que dispoñan do correspondente certificado de usuario outorgado pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM) para a presentación e pagamento dos seus propios tributos, ou doutras autoridades certificadoras admitidas pola consellería competente en materia de facenda, e que previamente fosen autorizados pola dirección da ATRIGA para a presentación e pagamento electrónico destes ingresos.

b) Os membros dos colexios profesionais, as entidades privadas, así como as institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

profesionais, que subscribisen coa administración tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia o correspondente convenio de colaboración, nos termos acordados neste.

2. Os usuarios anteriores, para poder empregar as aplicacións informáticas sinaladas, deberán presentar ante a dirección da ATRIGA, unha solicitude de autorización xunto cunha ficha de usuario, axustadas aos modelos que contén o anexo I, con anterioridade ao primeiro prazo no que deban cumprir as obrigas tributarias referidas a este tributo. Outorgarase a autorización a todos aqueles que reúnan as condicións establecidas no punto anterior.

Artigo 4. *Aprobación de modelos en formato electrónico*

1. Apróbanse os modelos en formato electrónico que figuran nos anexos II, III e IV desta orde e que se relacionan a seguir, para os efectos da aplicación da taxa fiscal que grava os xogos de sorte, envite ou azar, realizado mediante máquinas de xogo:

Modelo D-046. Modelo de declaración informativa de máquinas de xogo.

Modelo 045. Modelo de autoliquidación da taxa fiscal do xogo realizado mediante máquinas de xogo.

Modelo 046. Modelo resumo de autoliquidacións presentadas da taxa fiscal do xogo realizado mediante máquinas de xogo.

2. Os modelos aprobados no apartado punto son de uso obrigatorio na Comunidade Autónoma de Galicia para todos os suxeitos pasivos da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar devindicada por máquinas de xogo suxeitas ao pagamento do devandito tributo.

TÍTULO II
Obrigas tributarias

CAPÍTULO I
Disposicións comúns

Artigo 5. *Prazos para o cumprimento das obrigas tributarias*

1. Os suxeitos pasivos deberán cumprir as obrigas tributarias a que se refire esta orde correspondentes a cada trimestre natural, nos vinte primeiros días naturais seguintes á finalización do dito trimestre, de xeito que:

a) No prazo 1, do 1 ao 20 de abril de cada ano, cumpriranse as obrigas tributarias correspondentes ao primeiro trimestre natural do ano.

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

b) No prazo 2, do 1 ao 20 de xullo de cada ano, cumpriranse as obrigas tributarias correspondentes ao segundo trimestre natural do ano.

c) No prazo 3, do 1 ao 20 de outubro de cada ano, cumpriranse as obrigas tributarias correspondentes ao terceiro trimestre natural do ano.

d) No prazo 4, do 1 ao 20 de xaneiro de cada ano, cumpriranse as obrigas tributarias correspondentes ao último trimestre natural do ano anterior.

2. Os prazos anteriores entenderanse prorrogados ata o primeiro día hábil seguinte, no suposto de que o último día do período fose día inhábil ou sábado.

CAPÍTULO II
Declaración informativa de máquinas de xogo

Artigo 6. *Contido da declaración informativa*

1. Durante cada un dos prazos establecidos no artigo 5, os suxeitos pasivos deberán presentar electronicamente ante a ATRIGA unha declaración informativa das máquinas de xogo que tiveran en explotación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do trimestre ao que se refira a declaración.

2. Mediante a declaración informativa comunicarán os datos aos que se refire o anexo V, correspondentes ás máquinas de xogo:

a) Das que eran titulares o primeiro día do trimestre á que se refira a declaración, e que estiveran en situación administrativa de alta, tivese sido aprobada administrativamente, ou ben solicitada e pendente de aprobación.

b) Das que eran titulares o primeiro día do trimestre á que se refira a declaración e que estando o primeiro día do trimestre en situación administrativa de baixa temporal foran rehabilitadas ou polas que tivera presentado as solicitudes correspondentes polo reinicio de explotación ao longo do trimestre.

c) De nova autorización concedidas ao longo do trimestre á que se refira a declaración.

d) Adquiridas ao longo do trimestre en situación de baixa temporal e rehabilitadas ou polas que tivera presentado as solicitudes correspondentes polo reinicio de explotación ao longo do trimestre.

3. Cando se producira un suposto de troco de máquinas autorizado ao longo do trimestre e variaran as características da autorización que as ampara, na declaración informativa

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

á que se refire este artigo incorporarase a información correspondente aos valores máximos ao longo do trimestre natural do prezo de partida e do número de xogadores.

4. Para realizar a declaración informativa, os suxeitos pasivos empregarán o modelo D-046 que conformarán coa aplicación informática que a ATRIGA poña á súa disposición na OVT, consonte coas instrucións aprobadas a este respecto no propio modelo e nas condicións e de acordo co procedemento establecido no artigo seguinte.

Artigo 7. *Procedemento para a confección e presentación electrónica da declaración informativa*

1. Os suxeitos pasivos, para cumprir a obriga establecida no artigo anterior, accederán á OVT onde poderán aceptar os datos propostos pola aplicación informática ou ben incorporar os datos procedentes dun arquivo que terá as especificacións técnicas e o contido que se detallan no anexo VI desta orde, consonte o sinalado no punto seguinte.

2. Para realizar a carga dos datos procedentes do arquivo a que se refire o punto anterior, os suxeitos pasivos deberán empregar a aplicación de Subida de Arquivos que se lles habilitará na OVT. Unha vez transmitido o arquivo, aparecerá unha mensaxe informativa do resultado da carga. O arquivo poderá ser enviado as veces que sexan necesarias, prevalecendo sempre os datos contidos no último arquivo remitido.

3. A aplicación informática mostrará o modelo D-046 debidamente cuberto, cos datos previamente validados polo suxeito pasivo, debendo ser confirmado por este, momento no que se lle asignará un número identificativo do modelo.

4. Unha vez confirmado o modelo D-046, o suxeito pasivo deberá proceder á presentación electrónica, de xeito que transmitirá os datos da declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado dixital recoñecido. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado. A presentación do modelo D-046 producirase de xeito simultáneo á presentación das autoliquidacións á que se refire o artigo 10 e consonte co disposto nel.

CAPÍTULO III
Autoliquidación trimestral de máquinas en explotación

Artigo 8. *Procedemento electrónico para a realización electrónica da autoliquidación*

1. Os suxeitos pasivos deberán presentar en cada un dos prazos establecidos no artigo 5 que procedese, unha declaración por cada máquina que tiveran en explotación ao lon-

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

go de cada trimestre natural, e deberán autoliquidar e ingresar a cota trimestral legalmente establecida que lles corresponda segundo a tipoloxía e as características da autorización da máquina, xa se trate de máquinas autorizadas en trimestres anteriores ao da devindicación, de máquinas con nova autorización que fosen autorizadas ao longo do trimestre, ou de máquinas que o primeiro día do trimestre natural estivesen en situación administrativa de baixa temporal e se rehabilitasen ao longo do trimestre. A cota trimestral que se autoliquidará será a que corresponda ao maior número de xogadores e ao maior prezo de partida que amparara a autorización no trimestre natural a que se refira a declaración.

Cando se producise un suposto de troco de máquinas autorizado ao longo do trimestre presentarase unha única declaración pola autorización que amparara ambas as máquinas. Se variasen as características da autorización que as ampara, a cota calcularase tendo en conta o maior número de xogadores e o maior prezo de partida que amparase a autorización no trimestre natural ao que se refira a declaración.

Cando ao longo do trimestre natural se producise unha modificación no prezo máximo regulamentario da partida de máquinas, a cota trimestral que se autoliquidará será a que correspondera ao novo prezo máximo regulamentario da partida.

2. Para realizar a confección das autoliquidacións, o suxeito pasivo deberá utilizar os datos facilitados pola propia Administración a través da aplicación informática consonte os datos procedentes do arquivo a que se refire o artigo 7 desta orde empregado tamén para a confección do modelo D-046.

Para isto empregarán a aplicación informática que a ATRIGA poña á súa disposición na OVT, nas condicións e de acordo co procedemento establecido neste artigo.

3. Os suxeitos pasivos accederán á OVT e iniciarán a aplicación informática para a confección das autoliquidacións correspondentes. A aplicación informática mostraralle o resumo dos datos das máquinas para as que pretende pagar o tributo e presentar a autoliquidación correspondente, consonte cos datos que previamente incorporou no modelo D-046. Se apreciase algún erro ou precisase facer calquera modificación deberá realizala na aplicación informática. A aplicación informática recalculará a débeda tributaria e mostrará en pantalla o resumo cos novos datos. O suxeito pasivo, para concluír o proceso, deberá confirmalo.

4. A aplicación informática mostrará dun xeito agregado os datos correspondentes ás máquinas das que se pretende presentar a súa autoliquidación, co cálculo da débeda tribu-

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

taria total correspondente e o importe a ingresar. Confirmados os datos polo suxeito pasivo xerarase o modelo 046, que virá cuberto só polo que respecta aos datos anteriores. Este modelo supón a confección de tantos modelos 045 como máquinas agrupe, cubertos cada un deles polo que respecta aos datos correspondentes a cada unha das máquinas. Cada unha das autoliquidacións suporá a liquidación e a obriga de ingreso da cota trimestral legalmente establecida.

Artigo 9. *Procedemento electrónico para o pagamento da débeda tributaria*

1. Unha vez xerado o modelo 046 consonte o artigo anterior, o suxeito pasivo deberá proceder ao pagamento da débeda tributaria recoñecida nel.

2. A aplicación informática xerará unha única carta de pagamento por modelo 046, correspondente ás débedas tributarias dos modelos 045 que respalde. Para estes efectos, a carta de pagamento que xerará a aplicación acumulará todos os importes a ingresar de cada unha das autoliquidacións correspondentes ás máquinas que o suxeito pasivo vaia presentar na ATRIGA. O suxeito pasivo deberá realizar o pagamento da cantidade resultante da carta de pagamento, de calquera dos xeitos sinalados neste artigo ou ben, marcar no propio modelo 046 que vai solicitar o aprazamento ou o fraccionamento da débeda consonte coa normativa xeral tributaria. Neste último caso, deberá presentar ante a ATRIGA unha solicitude expresa de aprazamento ou fraccionamento na forma, lugar e prazo e cos requisitos e consecuencias sinaladas na normativa de aplicación e sen que poida entenderse presentada aquela coa presentación electrónica do modelo 046 e as autoliquidacións que respalda.

3. Os suxeitos pasivos poderán ingresar a débeda de calquera das formas seguintes:

a) Mediante ingreso presencial da cantidade correspondente en calquera das entidades colaboradoras autorizadas pola consellería competente en materia de facenda para o cobramento de autoliquidacións presentadas electronicamente. O ingreso formalizarase mediante a carta de pagamento que para estes efectos xerará a aplicación informática e que previamente deberá imprimir o suxeito pasivo. Unha vez realizado o pagamento, a entidade colaboradora facilitará un número de referencia completo (NRC) identificativo do ingreso realizado que será requirido posteriormente pola aplicación informática para completar a presentación.

b) Mediante pagamento electrónico. O suxeito pasivo accederá ás aplicacións específicas a través da páxina web da ATRIGA e efectuará o pagamento das correspondentes

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

autoliquidacións que ampara a carta de pagamento a que se refire este artigo, a través das entidades colaboradoras autorizadas pola consellería competente en materia de facenda para o pagamento electrónico. A entidade efectuará as comprobacións oportunas e aceptará ou rexeitará o cargo. No caso de ser aceptado o cargo, efectuará o aboamento na correspondente conta restrinxida de recadación de tributos e xerará o correspondente NRC.

4. O número de referencia completo (NRC) a que se refire o punto anterior, é un código xerado informaticamente pola entidade de depósito mediante un sistema criptográfico que permitirá asociar a carta de pagamento correspondente ás autoliquidacións presentadas simultaneamente por un mesmo suxeito pasivo ao pagamento dela derivado. O NRC está composto por 22 posicións co seguinte contido: posicións 01-13: alfanuméricas, corresponden ao número de xustificante da carta de pagamento á que se refire o punto 2 deste artigo. Posición 14: alfanumérica, corresponde a un carácter de control adicional. Posicións 15-22: carácteres de control. As normas técnicas de xeración do NRC figuran no anexo VII a esta orde.

5. A xeración do NRC pola entidade de depósito implicará:

a) Que o recibo no que figura responde a un ingreso realizado na entidade de depósito que o expide.

b) Que o devandito recibo corresponde ás autoliquidacións incorporadas na carta de pagamento a que fai referencia e non a outra.

c) Que a partir do momento de xeración deste, queda a entidade de depósito obrigada fronte á Facenda da Comunidade Autónoma polo importe que figura na devandita carta de pagamento, quedando o contribuínte liberado da súa obriga de pagamento fronte á citada Facenda.

6. Unha vez xerado o correspondente NRC, salvo que fose anulado consonte coa normativa tributaria en materia de recadación, non se admitirá a retrocesión do pagamento por parte da entidade de depósito, debendo presentar o suxeito pasivo, de ser o caso, ante a ATRIGA, as correspondentes solicitudes de devolución de ingresos indebidos adecuadamente fundamentadas. Pola súa parte, a entidade de depósito deberá realizar o pagamento na conta restrinxida de recadación con carácter previo á xeración do citado NRC.

7. Unha vez realizado o ingreso resultante da carta de pagamento, a entidade colaboradora devolveralle ao interesado, debidamente validado, o exemplar correspondente, que servirá como xustificante do ingreso realizado.

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

Artigo 10. *Procedemento electrónico para a presentación electrónica das autoliquidacións*

1. Unha vez realizado o pagamento da débeda total ou marcada no modelo 046 a solicitude de aprazamento, para concluír co proceso, o suxeito pasivo deberá proceder á presentación do modelo 046 electronicamente, de xeito que transmitirá os datos del coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado dixital recoñecido. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado. A presentación do modelo 046 suporá a presentación dunha autoliquidación por cada unha das máquinas amparadas pola súa correspondente autorización que o suxeito pasivo determinara na aplicación informática e mais a presentación do modelo D-046 empregado para a confección daqueles.

2. Se a presentación electrónica é aceptada, a aplicación devolveralle ao suxeito pasivo en pantalla o modelo 046 debidamente cuberto, co seu número de identificación, cos datos declarados, os modelos 045 coas autoliquidacións de cada débeda tributaria, cos datos correspondentes ao ingreso realizado, de ser o caso, así como o modelo D-046, debidamente cuberto cos datos declarados e validados cada un deles cun código seguro de verificación (CSV) formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Estes modelos serviranlle de xustificante da presentación dos números da declaración e das autoliquidacións impresos nel na data sinalada no propio modelo e, do seu pagamento, de ser o caso.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, o suxeito pasivo deberá proceder a emendalos mediante a aplicación informática. Se o rexeitamento da presentación fose orixinado por un motivo non emendable, o suxeito pasivo deberá repetir a presentación.

3. O suxeito pasivo deberá conservar a declaración e as autoliquidacións aceptadas e validadas cos correspondentes códigos seguros de verificación.

CAPÍTULO IV
Xustificantes de pagamento e presentación de declaracións e autoliquidacións

Artigo 11. *Consulta de declaracións e autoliquidacións na Oficina Virtual Tributaria*

1. Os suxeitos pasivos poderán en calquera momento acceder á OVT, no seu horario de dispoñibilidade para cumprir as obrigas tributarias ás que se refire esta orde.

2. Para estes efectos, os suxeitos pasivos deberán acceder na sección Declaración de Tributos á aplicación informática denominada APARELLOS. Unha vez nela poderán ac-

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

ceder ás diferentes declaracións, segundo a súa tipoloxía, para comezar unha operación ou para continuala. Para estes efectos, cada unha das declaracións mostrará o estado de situación no que se encontra.

3. Os estados de situación poden ser:

a) Borrador: é o estado no que se encontra a declaración D-046 cando fose confeccionada e gardada sen ser presentada.

b) Pendente de pagamento e presentación: é o estado no que se encontra o modelo 046 cando fora confirmado polo suxeito pasivo máis non fose realizada ningunha das fases posteriores de pagamento nin de presentación.

c) Pendente de pagamento: é o estado no que aparece o modelo 046 confirmado polo suxeito pasivo e a débeda que figura no modelo fose tramitada para o seu pagamento presencial segundo o establecido no artigo 9.3.a) mais o suxeito pasivo non concluíse a transacción de pagamento.

d) Pendente de presentación: é o estado no que aparece o modelo 046 validado polo suxeito pasivo, cando a débeda que figura no modelo foi pagada ou foi marcado o recadro de aprazamento/fraccionamento, consonte o disposto no artigo 9, mais aínda non fose presentado.

e) Presentado: estado no que aparece o modelo 046 cando o suxeito pasivo validou o modelo, procedeu pagar a débeda tributaria ou marcar o recadro de aprazamento/fraccionamento e presentou electronicamente o modelo ante a ATRIGA.

Artigo 12. *Xustificantes do pagamento e da presentación de autoliquidacións e xustificantes da presentación de declaracións de forma electrónica*

1. Unha vez que o suxeito pasivo opte polo pagamento de forma presencial na entidade colaboradora das autoliquidacións abranguidas na carta de pagamento xerada pola aplicación, a aplicación informática xerará dúas copias da carta de pagamento á que se refire o artigo 9.3.a) desta orde debidamente cubertas cos datos que o suxeito pasivo facilitase na aplicación informática. Co devandito documento acudirase á entidade colaboradora para a realización do pagamento, a cal se quedará co exemplar para a entidade colaboradora e devolverá ao contribuínte o exemplar para o interesado co selo da entidade, data do ingreso, número e importe, así como co NRC. O devandito documento servirá de xustificante de pagamento das autoliquidacións correspondentes ás máquinas que se relacionan no anexo á carta de pagamento.

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

2. Se o suxeito pasivo optase polo pagamento electrónico, a aplicación informática, unha vez realizado o pagamento, xerará o «Recibo de cargo en conta» que o contribuínte deberá conservar, no que se identificará o número da conta que realiza o pagamento, data do ingreso, importe, NIF e nome do contribuínte así como o NRC. O devandito documento servirá de xustificante de pagamento do número da carta de pagamento impreso neste.

3. A presentación das declaracións que regula esta orde e a súa data acreditaranse mediante a impresión dos documentos (modelos D-046, 046 e 045) xerados pola aplicación informática nos cales constarán os datos identificativos do suxeito pasivo e das máquinas declaradas, da autorización da máquina de xogo correspondente, da liquidación da cota trimestral vixente e mais do seu ingreso salvo no caso de marcar o cadriño de aprazamento/fraccionamento e os datos correspondente á presentación. Ademais xerarase un código interno que permitirá asociar de forma inequívoca as declaracións presentadas electronicamente coas impresas polo contribuínte. Este documento acreditará a presentación das autoliquidacións así como a súa data.

4. Os xustificantes de pagamento e presentación sinalados nos parágrafos anteriores producirán os efectos liberatorios para coa Facenda da Comunidade Autónoma sinalados no Regulamento xeral de recadación. Os suxeitos pasivos deberán conservar os xustificantes de pagamento e presentación. No caso de que a autoliquidación non dese lugar a ingreso abondará a xustificación da presentación na forma sinalada no punto 3 anterior. No caso de solicitar aprazamento ou fraccionamento será necesario ademais o xustificante da presentación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento.

Disposición adicional primeira. *Excepcionalidade ao cumprimento das obrigas tributarias de xeito electrónico*

De xeito excepcional e cando circunstancias extraordinarias así o aconsellen, logo de petición do interesado debidamente xustificada, a dirección da ATRIGA, valoradas as razóns aducidas polo interesado e a documentación e as probas achegadas por el para xustificar a súa demanda, poderá excepcionar a aquel da obrigatoriedade de empregar os medios electrónicos para o cumprimento das obrigas tributarias reguladas nesta orde. A resolución fixará o alcance temporal da excepcionalidade e a forma e as condicións nas que deberá facer efectivas as obrigas tributarias, sen prexuízo das consecuencias que derivasen de acordo coa normativa tributaria no caso de incumprimentos das normas.

Disposición adicional segunda. *Máquinas autorizadas na Comunidade Autónoma de Galicia*

Quedan excepcionados da obriga de presentar a solicitude de autorización e ficha de usuario establecida no artigo 3.2, os suxeitos pasivos que xa estivesen autorizados para o

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

acceso á OVT por calquera máquina de xogo para a que xa viñesen empregando a OVT para o efecto de cumprir as obrigas tributarias asociadas á explotación de máquinas de xogo nesta comunidade autónoma.

No entanto, se os suxeitos pasivos a que se refire o parágrafo anterior quixeran ter un nivel de acceso total na OVT, deberán presentar ante a ATRIGA a ficha de usuario coa identificación dos usuarios concretos persoas físicas para as que queren solicitar o dito nivel de acceso.

Disposición adicional terceira. *Adhesión e autorización de entidades colaboradoras*

As entidades de depósito, xa autorizadas como colaboradoras na recadación dos tributos xestionados por esta comunidade autónoma e que desexen adherirse ao pagamento electrónico destas autoliquidacións, deberán solicitalo á dirección da ATRIGA, que as informará das configuracións técnicas necesarias para a incorporación efectiva á prestación do servizo. A intervención neste servizo requirirá autorización expresa da dirección da ATRIGA.

As entidades de depósito, xa autorizadas como colaboradoras na recadación dos tributos xestionados por esta comunidade autónoma mediante o pagamento electrónico das autoliquidacións, quedarán adheridas ao pagamento telemático da taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo sen necesidade de solicitalo á dirección da ATRIGA.

Disposición adicional cuarta. *Conservación de soportes informáticos*

No suposto de pagamento electrónico das autoliquidacións referidas á taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo, a entidade de depósito autorizada, colaboradora na xestión recadatoria, que xerase o correspondente NRC xustificante deste, conservará durante un período de seis anos os soportes informáticos que motivaron o devandito NRC.

Disposición adicional quinta. *Confidencialidade e representación*

Os profesionais colexiados, así como as entidades, institucións ou organizacións representativas de sectores sociais, laborais, empresariais ou profesionais, no exercicio das súas funcións e nas actuacións previstas nos convenios correspondentes respectarán as normas establecidas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

Os membros dos colexios profesionais, as entidades privadas, así como as institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais aos que o suxeito pasivo solicitase a colaboración para a presentación electrónica deste tributo, deberán posuír a representación nos termos establecidos no artigo 46 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A Administración poderá requirir destes, en calquera momento, a acreditación da devandita representación.

A falta de representación abonda das persoas no nome da cal se presentase a documentación dará lugar á exixencia das responsabilidades que fosen procedentes.

Disposición adicional sexta. *Presentación e pagamento en prazo*

A falta de resposta do ordenador da entidade de depósito autorizada, colaboradora na xestión recadatoria, elixida polo interesado para realizar o pagamento electrónico das autoliquidacións recollidas nesta orde, así como a falta de conformidade da devandita entidade a materializar a operación polos motivos que, con ocasión do intento de efectuar o devandito pagamento poña en coñecemento do citado interesado, non escusarán este do pagamento e presentación da autoliquidación dentro dos prazos establecidos na normativa correspondente a este tributo.

Disposición adicional sétima. *Modificación dos anexos desta orde*

No ámbito das súas competencias, autorízase a dirección da ATRIGA a modificar ou actualizar mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* os anexos a esta orde, cando fose preciso como consecuencia da modificación das normas legais ou regulamentarias ou como consecuencia dos avances tecnolóxicos, os cambios de sistemas ou calquera outra circunstancia que precisase a correspondente plasmación nos modelos aprobados ou nas normas ou especificacións técnicas aprobadas polos ditos anexos.

Disposición transitoria única. *Cumprimento das obrigas tributarias correspondentes ao xogo desenvolvido con anterioridade á entrada en vigor desta orde*

As obrigas tributarias establecidas nesta orde que os suxeitos pasivos tivesen que cumprir polo xogo desenvolvido no ano 2014, e para as que se tivese pechado o prazo correspondente dos establecidos no artigo 5, cumpriranse nos vinte primeiros días naturais do mes seguinte á entrada en vigor da orde.

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

Disposición derrogatoria única

Quedan derrogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta orde.

En particular, queda derrogada a Orde do 30 de maio de 2013 pola que se regula a xestión, a presentación e o pagamento electrónico da taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día da súa publicación e será de aplicación para todos os feitos impoñibles gravados pola taxa fiscal sobre o xogo desenvolvido mediante máquinas de xogo acaecidos desde o 1 de xaneiro de 2014.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2014

Elena Muñoz Fonteriz
Conselleira de Facenda

ANEXO I

Solicitude de autorización para a utilización das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria para o pagamento electrónico e a presentación electrónica dos modelos de declaración D-046 e de autoliquidación 045 da Taxa fiscal sobre o xogo realizado mediante máquinas de xogo

D/Dª..... co NIF..... como titular/ representante de ....., co NIF ....., suxeito pasivo da Taxa fiscal sobre o xogo realizado mediante máquinas de xogo,

SOLICITO:

Autorización para a utilización das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria para o pagamento electrónico e a presentación electrónica dos modelos de declaración D-046 e de autoliquidación 045 da Taxa fiscal sobre o xogo realizado mediante máquinas de xogo, con suxeición ao establecido na normativa vixente.

....., ... de..... de .....

Asdo.:

CVE-DOG: 9he6j5n2-7t09-g8o9-bie7-677auzrvtj39

